

A rapaza dos dedos azuis

Marisa Núñez

Mirabel, a cativa dos dedos azuis, escondía no faiado un libro secreto, cunha cinta de seda que marcaba sempre a mesma páxina.

De pequena tivera un amigo co que aprendera a soñar nas follas dun vello libro de viaxes. Daquela, os dous xuntos metíanse debaixo da cama e imaxinaban insólitas aventuras por terras lonxanas.

Un día el tivo que marchar. Despediu-se con tristura, como un navegador obrigado a abandonar o barco.

—Queda co libro —dixéralle—, e non deixes de soñar cos teus dedos azuis.

Despois non volvou saber máis del.

Mirabel pensou que as viaxes xa non ían ser como antes e, sen ánimos para abrilo de novo, gardou o libro no faiado... e esqueceu.

Pasou tempo. Unha tarde, Mirabel subiu buscar algúun traste vello co que enredar as horas e reparou no libro. Axiña decatouse de que a cinta quedara marcando a páxina do misterioso palacio de area, que tantas veces percorrera co seu compañoiro de aventuras; pero daquela houbo algo que lle chamou a atención: nun escintileo de luz tralos cristais, parreceulle que a estancia estaba habitada. E, co resplandor reflectido nos ollos, empezou a soñar outra vez.

Todos os días, ao espertar, Mirabel subía ao faiado sen facer ruído e abría o libro *Paises e mares*, para que o sol entrase polas xanelas do palacio.

No palacio de area vivía Saik-Alam; pero a esas horas da mañá aínda durmía.

Mirabel vixiaba todos os movementos da entrada principal, e repenicaba suavemente na porta: toc toco toc...!

Despois volvía pechar o libro, coa cinta estirada.

«Se Saik quere saír, non terá máis que

seguir o carreiro azul para chegar aquí. Cando deseñe voltar ao seu palacio, bastaílle camiñar outra vez pola senda de seda, para non se perder nos países e mares das outras páxinas do libro.»

Así pensaba Mirabel, por iso poñía moito coidado en colocar a cinta ben dereita.

Aínda que nunca estivera perto del, sabía algúunha cousa de Saik-Alam: sabía que tiña os pés grandes, porque vira algunha vez as súas pegadas no chan; as mans grandes, porque un día atopou unha luva caída ao pé da porta; a boca grande, porque no bafo dos cristais apareceran marcados os seus labios; e sabía tamén que lle gustaban as flores, porque, todas as mañás, unha vendedora agardaba na porta do palacio cunha cesta chea de ramalletes frescos.

Ademais da vendedora de flores, outros comerciantes ían achegándose desde todos os recunchos do libro, para expoñer alí os seus produtos: panos de seda, pedras preciosas, peites decorados a man, espellos de prata, alfombras, amuletos, herbas máxicas...

Mirabel exploraba o mercado dos arredores do palacio, e percorría toda a páxina, agarimando cada obxecto cos seus dedos en flor. Aprendera de memoria a lista das mercadorías e, cada vez que abría o libro, respiraba fondo para envolverse de fragancias e recitaba as cantilenes dos vendedores.

Unha vez, logo de petar na porta pechada do palacio, detívose un intre a contemplar o espello que ofertaba un mercador.

«Saik terá pasado mil veces por aquí... —pensou—. Quen me dera atopalo no fondo deste espello!

De súpito sentiu un arrepío que lle atravesou o corpo: o refrexo dos seus

dedos azuis quedara atrapado no espello de man. Suspirou emocionada, pechou os ollos, e notou como unha bágoa lle humidecía a meixela e salpicaba no libro.

O suspiro de Mirabel prendeu entre as púas dun peite de marfín do vello comerciante; a bágoa, esvarando pola páxina, foise acochar nunha cesta de flores.

Aquela mañá, cando Saik-Alam saíu do palacio de area, mercou flores azuis, un espello e un peite de marfín.

Saik tiña oído fino, e ao peitear os seus cabelos negros, escoitou un suspiro. Sorprendido, mirouse atentamente ao espello e observou con abraio os dedos enluvados que agarimaban o reflexo do seu rostro. Despois examinou as flores do ramo e comparounas coas do espello. Cortou unha: eran idénticas!

A lágrima de Mirabel escorregou no seu peito, como unha pinga de orballo. Entón Saik-Alam achegouse á xanela, pensativo, e reparou nun barco de nubes que aboia no horizonte. Nos seus ollos tamén aboian bágoas.

O faiado estaba en silencio.

Un revoar de pombas sobresaltou a Mirabel, que caera adurmiñada sobre o libro.

Ao carón da xanela rolou unha pluma branca; logo foi planando até pousar.


Ela agachouse a recoller a pluma, enleouna coa fita desgastada de seda e pechou o libro.

Pasaron os días e o vento non cesaba.

Mirabel non era quen de conciliar o sono: pensaba no libro, na pluma, nos países lonxanos...

De súpito sentiu bater as contras no faiado.

Por un instante permaneceu inmóvil; logo saltou da cama con estraña inquedanza e subiu apresurada.



EIDER EIBAR.

A xanela estaba aberta. Mirou por todos lados: non había ninguén.

Os papeis arremuiñábanse nunha rebuldaina de vento, e as follas do libro secreto ían e viñan dun país a outro, murmurando como ondas de mar.

A cinta de seda desaparecera.

Diante dela corrían cumios nevados, cidades con altísimas torres de cristal, mares de xeo, antigos templos engulidos por selvas impenetrábeis e bosques de árbores frondosas que non deixaban passar a luz máis que en tenues fios.

Por fin atopou o palacio: estaba escuro, más que nunca; un neboeiro denso apagaba os sons e enchoupaba o espazo de sombra e soedade. Alí non vivía ninguén.

Procurando algúnsinal entre as follas do libro, nun golpe de vento, Mirabel avistou un punto luminoso no medio do océano: a bordo dun veleiro, un home loitaba contra un violento temporal. Era Saik: estaba segura. Vestía unha túnica de tafetán e levaba a cabeza cuberta, pero entre as sombras da luz da lúa, podía recoñecer dúas mans grandes e os pés sobresaíndo da túnica.

Correu a acender a luz e cando volveu mirar xa non estaba.

Mirabel seguiu rastrexando entre as páxinas; noutra bafarada de vento, no-

tou un latexo nos dedos, e a mesma figura saiu das sombras.

Agora Saik-Alam atravesaba o deserto no lombo dun camelo. Levaba un fardelo amarrado na cintura, unha grinalda de flores e unha pluma branca prendida no turbante.

Ao cabo dun pouco, naquela páxina non había máis que area e un beduíno amarrando un camelo.

Mirabel agardou áinda un anaco, pero, vencida polo cansazo, sentía que as couzas deixaban de existir, e as imaxes do libro parecían fundirse en gris. Apagou a luz, baixou as escaleiras ás escuras e volveu á cama.

Como a noite fora intensa, Mirabel non espertou cos primeiros raios de sol, como era habitual, e durmiu toda a mañá con sono profundo.

A mediodía alguén petou na porta do cuarto: toc toco toc...!

Logo, unhas mans grandes tapáronlle o rostro.

Ela apalpáballe os dedos, pero non era quen de adiviñar.

Cando o visitante misterioso se descubriu, ergueuse dun chimpó.

Resultáballe familiar, áinda que non estaba segura; pero aqueles ollos...:

Era o seu amigo Malako! Non o podía crer: Había tanto que Malakías marcha-

ra! Agora tiña os pés grandes, o cabelo longo... Parecía que o estiraran en todas direccións!

Malakías desenfiou a grinalda que levaba ao pescozo e colocoulle unha flor en cada dedo.

—Debo de estar soñando —dixo ela—, soñando cos meus dedos azuis!

A cada pouco restregaba os ollos, miraba o seu amigo e trataba de poñer algo de orden na cabeza.

Malakías tirou do peto un peite de marfin e ofreceullo para que desenleara os seus cabelos revoltos.

—¡Esperta! —repetíase Mirabel.

Pechou os ollos outra vez para borrar o soño e, ao pasar o peite por unha orella, sentiu dentro da cabeza un rumor que lle agarimaba os pensamentos.

Estivo un anaco cos ollos ben pechados. Despois abriunos, áinda más que antes. Malakías parecía lle mesmo...

El rebuscou outra vez no fardelo. Por fin sacou un espello de man que levaba prendida unha cinta de seda, pequena e desgastada.

Mirabel soltou a cinta, premeuna contra o peito e mirouse no espello...

E, no fondo do reflexo, moi perto dela, apareceu sorrindo a boca grande de Saik-Alam.